

IES FIN DO CAMIÑO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
CURSO 2021-2022

Mercedes Rodríguez Fraga

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	pág. 3
1.1. INTRODUCCIÓN	
1.2. CONTEXTUALIZACIÓN	
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE.....	pág. 7
3. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA.....	pág. 13
4. CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	
4.1. LINGUA CASTELÁ 1º ESO	pág. 15
4.2. LINGUA CASTELÁ 2º ESO	pág. 22
4.3. LINGUA CASTELÁ 3º ESO	pág. 29
4.4. LINGUA CASTELÁ 4º ESO	pág. 40
4.5. LATÍN 4º ESO	pág. 52
5. METODOLOXÍA	pág. 61
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	pág. 63
7. TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS	pág. 63
8. AVALIACIÓN	pág. 65
8.1. AVALIACIÓN INICIAL	
8.2. AVALIACIÓN SUMATIVA	
8.3. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN	
8.4. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES	
9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO- APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE	pág. 71
10. INDICACIÓNS ESPECÍFICAS CURSO 2021-2022.....	pág. 75

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. Introducción

O Departamento de Lingua e Literatura Castelá do IES Fin do Camiño de Fisterra (A Coruña) é neste curso 2021-2022 un departamento unipersonal, sendo eu mesma, Mercedes Rodríguez Fraga, a xefa do departamento de Lingua Castelá e Literatura. Non obstante, o profesor David José Torreira Otero, xefe do departamento de Lingua Francesa, será quen imparta Lingua Castelá e Literatura a un agrupamento formado por nove alumnos e alumnas en 2º da ESO. O obxectivo é que ambos os dous docentes sigamos unha temporalización similar á hora de impartir contidos, tendo en conta que no agrupamento haberá que ter en conta as circunstancias concretas de cada alumno e alumna. Dado que nos encontramos ante unha programación flexible, esta será susceptible das adaptacións que sexan necesarias ao longo do curso.

A valoración dos resultados ó longo do curso 2020-2021, recollida na Memoria Final presentada en xuño, constitúe a base para o mantemento dos obxectivos e da secuencia de contidos en liñas xerais.

Establécense como obxectivos específicos do Departamento durante o curso 2021/2022:

- Adecuar as programacións de aula ás directrices didácticas acordadas e valorar os seus resultados atendendo ó nivel académico detectado no diagnóstico inicial do alumnado e ó obtido nas sucesivas avaliacións.
- Cumprir os obxectivos, contidos e criterios de avaliación recollidos no Proxecto Didáctico.
- Valorar no departamento, e especialmente na Memoria Final de curso, a validez didáctica do Proxecto e en que medida se alcanzaron os resultados.
- Desenvolver o hábito lector dos alumnos, traballando neste aspecto interdepartamentalmente, en especial co Seminario de Lingua Galega e potenciando a participación do alumnado no clube de lectura do centro.

1.2. Contextualización

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e

transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe; de aí que esta capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

Co bloque de "Comunicación oral: escoitar e falar" procúrase que os alumnos e as alumnas vaian adquirindo as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos cada vez máis elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente interpretando de xeito correcto as ideas dos demais.

O bloque de "Comunicación escrita: ler e escribir" persegue que o alumnado sexa capaz de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos. Comprender un texto implica activar unha serie de estratexias de lectura. Así mesmo, a escritura implica un procedemento estruturado en tres partes: planificación, redacción a partir de borradores de escritura e revisión destes antes de redactar o texto definitivo.

O bloque de "Coñecemento da lingua" responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación, e afástase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

O bloque de "Educación literaria" asume o obxectivo de facer dos/das escolares lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias

próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en español.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE

O estudo da Lingua e a Literatura supón a posta en marcha de toda unha serie de estratexias cognitivas, de pensamento e aprendizaxe para a realización de distintas tarefas, polo que leva implícito o desenvolvemento de cada unha das competencias clave.

Comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos, e de maneira individual ou colectiva.

Esta visión da competencia en comunicación lingüística, vinculada con prácticas sociais, ofrece unha imaxe o individuo como axente comunicativo que produce, e non só recibe, mensaxes a través das linguas con distintas finalidades. Esta afirmación supón optar por metodoloxías activas como a aprendizaxe baseada en tarefas, fronte a opcións máis tradicionais.

Ademais, a competencia en comunicación lingüística representa unha vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural que implica un factor de enriquecemento.

O currículo de Lingua castelá e Literatura, ao ter como meta o desenvolvemento da capacidade para interactuar de forma competente mediante a linguaxe nas diferentes esferas da actividade social, contribúe dun modo decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística. Ademais, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada, e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación transfírense e aplican á aprendizaxe doutras. Esta aprendizaxe contribúe, á súa vez, a acrecentar esta competencia sobre o uso lingüístico en xeral.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. A materia de Lingua Castelá e Literatura contribúe á adquisición da competencia matemática ao desenvolver a capacidade de abstracción, a relación lóxica entre conceptos e a súa representación gráfica mediante mapas conceptuais, diagramas de fluxo, mapas mentais, esquemas, etcétera.

As competencias en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen á adquisición de coñecementos, o contraste de ideas e a aplicación dos descubrimentos ao benestar social. A achega da materia de Lingua castelá e Literatura prodúcese a través do coñecemento e o dominio da linguaxe científica, e da relación dos avances científicos e tecnolóxicos co contexto no que se produce.

Competencia dixital

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das TIC para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade. Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nunha contorna dixital.

Require de coñecementos relacionados coa linguaxe específica básica: textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro, así como as súas pautas de decodificación e transferencia. Isto leva o coñecemento das principais aplicacións informáticas. Supón tamén o acceso ás fontes e o procesamento da información, e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten ás persoas no mundo dixital.

A contribución da materia de Lingua castelá e Literatura ao tratamento da información e competencia dixital é decisiva, pois unha das súas metas cífrase en proporcionar coñecementos e destrezas para a procura e selección de información relevante de acordo con diferentes necesidades, así como para a súa reutilización na produción de textos orais e escritos propios. A procura e selección de moitas destas informacións requirirá, por exemplo, o uso adecuado de bibliotecas ou a utilización da internet, e a realización guiada destas procuras constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital.

Ademais, o currículo de Lingua castelá e Literatura inclúe o uso de soportes electrónicos na composición e publicación de textos, de modo que poidan abordarse máis eficazmente algunhas operacións que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión, publicación) e que constitúan dos contidos básicos desta materia.

Igualmente, queda dentro do ámbito da materia o estudo dos elementos formais e das normas de uso dos novos xéneros discursivos vinculados ás redes sociais e a Internet, así como o fomento da prevención dos riscos que existen para os usuarios destes novos sistemas de comunicación.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente en contextos formais, non formais e informais. Caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe, que esixe a capacidade para motivarse por aprender para desencadear o proceso. En canto á organización e xestión da aprendizaxe, require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma.

Ademais de instrumento de comunicación, a linguaxe é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase coa competencia de aprender a aprender. Así mesmo, a reflexión sobre a lingua recolle un conxunto de saberes conceptuais (metalinguaxe gramatical) e procedimentais (capacidade para analizar, contrastar, ampliar e reducir enunciados mediante o uso consciente de mecanismos gramaticais,

substituír elementos do enunciado por outros equivalentes, usar diferentes esquemas sintácticos para expresar unha mesma idea, diagnosticar erros e reparalos, etc.), que se adquiren en relación coas actividades de comprensión e composición, e reutilízanse para optimizar a aprendizaxe lingüística, é dicir, para aprender a aprender lingua.

Competencias sociais e cívicas

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Esixe entender o modo no que pode procurarse un estado de saúde física e mental óptimo tanto para as persoas como para as súas familias e a súa contorna social próxima, e saber como un estilo de vida saudable pode contribuír a iso.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da UE e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional. Isto inclúe o coñecemento dos acontecementos contemporáneos, e das principais tendencias nas historias nacional, europea e mundial, así como a comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio que implican a existencia de sociedades multiculturais no mundo globalizado.

A aprendizaxe da lingua contribúe decisivamente ao desenvolvemento da competencia social e cidadá, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas. En efecto, aprender Lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades.

A educación lingüística é un compoñente estreitamente vinculado coa competencia social e cidadá: a constatación da variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística, e a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de representación e comunicación. Tamén se contribúe na medida na que se analiza como a linguaxe transmite e sanciona prexuizos e

imaxes estereotipadas do mundo, para contribuír á erradicación dos usos lingüísticos discriminatorios.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Significa adquirir conciencia da situación na que hai que intervir ou que hai que resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, xa que unha das funcións da linguaxe é regular e orientar nosa propia actividade e interrelación cos demais, polo que se poñen en funcionamento habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, e negociar e traballar de forma cooperativa e flexible. Por iso, a adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar na iniciativa persoal e a regulación da propia actividade con autonomía.

Conciencia e expresións culturais

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e unha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal, e consideralas parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio das capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras.

A lectura, interpretación e valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento dunha competencia artística e cultural, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano.

A súa contribución será máis relevante en tanto se establezan relacións entre as manifestacións literarias e outras manifestacións artísticas, como a música, a pintura ou o cinema.

Tamén se contribúe a esta competencia procurando que o mundo social da literatura (autores, críticos, acceso a bibliotecas, librerías, ou a presenza do literario na prensa) adquira sentido para o alumnado.

3. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre oes. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e

das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

4.1. LINGUA CASTELÁ 1º ESO:

1º de ESO

Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO									
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias clave	Elementos transversais	Temporalización (sesións)	Unidades	Grao mínimo de consecución	Instrumentos e procedementos de avaliación
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar									
h m	• B1.1. Escoita activa e observación das normas básicas que favorecen a comunicación.	• B1.1. Escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais.	• LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.	• CCL • CSC	EOE ECC	3	Todas	• LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral con un 50% de erros.	Nota de clase Exercicios orais Probas orais
a d g	• B1.2. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.	• B1.2. Valorar a importancia da conversa na vida social practicando actos de fala (contando, describindo, opinando, dialogando, etc.), en situacións comunicativas propias da actividade escolar.	• LCLB1.2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.	• CCL • CSIEE	EOE	3	Todas	• LCLB1.2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación con un 50% de erros.	Nota de clase Exercicios orais Probas orais
h	• B1.3. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.	• B1.3. Recoñecer e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.).	• LCLB1.3.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	• CCL • CAA	EOE	3	Todas	• LCLB1.3.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos con un 50% de erros.	Nota de clase Exercicios orais Probas orais
			• LCLB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	• CD • CAA	EOE E	3	Todas	• LCLB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso con un 50% de erros.	Nota de clase Exercicios orais Probas orais
			• LCLB1.3.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da	• CAA	EOE	3	Todas	• LCLB1.3.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e	

			práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloras.					autoavaliación, e propón solucións para melloras con un 50% de erros.	Nota de clase E exercicios orais Probas orais
g	B1.4. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.	B1.4. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.4.1. Realiza presentacións orais.	CCL	EOE CA	4	Todas	LCLB1.4.1. Realiza presentacións orais con un 50% de erros.	Nota de clase E exercicios orais Probas orais
h									
a	B1.5. Creación de textos orais audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	B1.5. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.	LCLB1.5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	CSC	EOE	4	Todas	LCLB1.5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación con un 50% de erros.	Nota de clase E exercicios orais Probas orais
d									
h									
m									

Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO

	Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir								
h	B2.1. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos escritos de ámbito persoal, educativo ou escolar, e de ámbito social.	B2.1. Ler, interpretar e comprender, e valorar textos en diferentes formatos e soportes.	LCLB2.1.1. Retén e reconece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas.	CCL	CL	4	Todas	LCLB2.1.1. Retén información e reconece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas con un 50% de erros.	Nota de clase E exercicios escritos Probas escritas
n			LCLB2.1.2. Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe.	CCL	CL	3	Todas	LCLB2.1.2. Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe con un 50% de erros.	Nota de clase E exercicios escritos Probas escritas
			LCLB2.1.3. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas,	CMCCT	CL CA EOE	3	Todas	LCLB2.1.3. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc. con un	Nota de clase E exercicios escritos Probas escritas

			fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.					50% de erros.	
• b	• B2.2. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.	• B2.2. Proe manexar información, bibliotecas e outras fontes de información nun papel ou de continua. • LCLB2.2.1. Utiliza de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	• LCLB2.2.1. Utiliza de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	• CD	• CL EOE TIC	• 3	Todas	• LCLB2.2.1. Utiliza de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos con un 50% de erros.	Nota de clase Ejercicios escritos Pruebas escritas
			• LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.	• CD	• CL EOE TIC	• 3	Todas	• LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital con un 50% de erros.	Nota de clase Ejercicios escritos
• e			• LCLB2.2.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	• CD	• CL EOE TIC	• 3	Todas	• LCLB2.2.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc. con un 50% de erros.	Nota de clase Ejercicios escritos Ejercicios orais Pruebas orais e escritas
• h									
• g	• B2.3. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.	• B2.3. Aplicar progresivamente as técnicas necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	• LCLB2.3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.	• CSIE	• CL EOE CA	• 3	Todas	• LCLB2.3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura con un 50% de erros.	Nota de clase Ejercicios escritos Pruebas escritas
• h									
• h	• B2.4. Produción de textos escritos en diferentes formatos, en relación co ámbito de uso. • B2.5. Produción de textos audiovisuais relacionados co ámbito persoal, co educativo ou escolar e co social.	• B2.4. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	• LCLB2.4.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e educativo e social, imitando textos modelo.	• CCL	• EOE	• 4	1-2-3-4	• LCLB2.4.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e educativo e social, imitando textos modelo con un 50% de erros.	Nota de clase Ejercicios escritos
• i			• LCLB2.4.2. Escribe textos narrativos, descriptivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.	• CCL	• EOE	• 4	1-2-3-4-5-6	• LCLB2.4.2. Escribe textos narrativos, descriptivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo con un 50% de erros.	Nota de clase Ejercicios escritos
			• LCLB2.4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.	• CMCCT	• EOE CA	• 4	Todas	• LCLB2.4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos con un 50% de erros.	Nota de clase Ejercicios escritos Pruebas escritas
				• CD					

Bloque 3. Coñecemento da lingua									
• b	• B3.1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, preposición, conxunción e interxección.	• B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.	• LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	• CCL	• CL EOE	• 1	• 1-2-3-4-5-6	• LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos con un 50% de erros.	• Nota de clase • Exercicios escritos • Probas escritas
		• B3.2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.	• LCLB3.1.2. Recoñece e corrixir erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	• CCL	• EOE CL	• 1	• Todas	• LCLB3.1.2. Recoñece e corrixir erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais con un 50% de erros.	• Nota de clase • Exercicios escritos • Probas escritas
			• LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	• CCL	• EOE	• 1	• 5	• LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas con un 50% de erros.	• Nota de clase • Exercicios escritos • Exercicios orais • Probas orais e escritas
• e	• B3.3. Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre o uso da lingua.	• B3.3. Usar de forma efectiva os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas en relación ao manexo da lingua e para enriquecer o propio vocabulario.	• LCLB3.2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario.	• CD	• EOE TIC	• 1	• Todas	• LCLB3.2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario con un 50% de erros.	• Nota de clase • Exercicios escritos • Exercicios orais • Probas orais e escritas
• h	• B3.4. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.	• B3.3. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.	• LCLB3.3.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.	• CCL	• EOE	• 1	• Todas	• LCLB3.3.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.	• Nota de clase • Exercicios escritos • Probas escritas

<p>a</p> <p>h</p>	<p>B3.5. Reconhecimento, uso e explicación dos recursos modalización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e da subxectividade a través das modalidades oracionais e referencias internas ao emisor e ao receptor nos textos.</p>	<p>B3.4. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.</p>	<p>LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.</p>	<p>CSC</p> <p>EOE</p> <p>CCL</p>	<p>1</p>	<p>1-2-3-4-5-6-7</p>	<p>LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor con un 50% de erros.</p>	<p>Nota de clase</p> <p>Exercicios escritos</p> <p>Exercicios orais</p> <p>Probas orais e escritas</p>
<p>i</p>	<p>B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>B3.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>LCLB3.5.1. Participa en proxectos de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas e relacionadas cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CCL</p> <p>EOE</p> <p>CL</p> <p>TIC</p> <p>CA</p> <p>ECC</p> <p>CAA</p>	<p>3</p>	<p>Todas</p>	<p>LCLB3.5.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe con un 50% de erros.</p>	<p>Nota de clase</p> <p>Exercicios escritos</p> <p>Exercicios orais</p>
<p>a</p> <p>h</p> <p>ñ</p> <p>o</p>	<p>B3.7. Reconhecimento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático.</p>	<p>B3.6. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade do centro docente e do ámbito social do alumnado.</p>	<p>LCLB3.6.1. Coñece e valorar a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo.</p>	<p>CSC</p> <p>EOE</p> <p>ECC</p>	<p>3</p>	<p>Todas</p>	<p>LCLB3.6.1. Coñece e valorar a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo con un 50% de erros.</p>	<p>Nota de clase</p> <p>Exercicios escritos</p> <p>Exercicios orais</p>
<p>g</p>	<p>B3.8. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas, desenvolver unha competencia comunicativa integrada.</p>	<p>B3.7. Reflexión sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.</p>	<p>LCLB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.</p>	<p>CAA</p> <p>EOE</p> <p>CL</p>	<p>3</p>	<p>Todas</p>	<p>LCLB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras con un 50% de erros.</p>	<p>Nota de clase</p> <p>Exercicios escritos</p> <p>Exercicios orais</p> <p>Probas orais e escritas</p>

•h									
----	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO

Bloque 4. Educación literaria									
•h	•B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.	•B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, amosando interese pola lectura.	•LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.	•CCL	CL	4	Todas	• LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses con un 50% de erros.	Nota de clase Actividades de comprensión lectora Probas orais e escritas
•l •n				•CCEC					
•h	•B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.	•B4.2. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes de aos nosos, reais ou imaxinarios.	•LCLB4.2.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras.	•CCEC	EOE	3	Todas	• LCLB4.2.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras con un 50% de erros.	Nota de clase Actividades de comprensión lectora Ejercicios orais Ejercicios escritos Probas orais e escritas
•l •n				•CCEC	EOE	3	Todas		Nota de clase Ejercicios orais Probas orais

			<ul style="list-style-type: none"> LCLB4.2.2. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas. 	- CSC				<ul style="list-style-type: none"> LCLB4.2.2. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas con un 50% de erros. 	
• h	• B4.2. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos utilizando convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.	• B4.3. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	<ul style="list-style-type: none"> LCLB4.3.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa. 	- CCL	EOE	4	9-10-11-12	<ul style="list-style-type: none"> LCLB4.3.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa con un 50% de erros. 	Nota de clase Exercicios escritos Probas escritas
• l				- CCEC					
• n			<ul style="list-style-type: none"> LCLB4.3.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos. 	- CCEC	EOE	4	Todas	<ul style="list-style-type: none"> LCLB4.3.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos con un 50% de erros. 	Nota de clase Exercicios orais Probas orais
			<ul style="list-style-type: none"> LCLB4.3.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos. 	- CSIE				<ul style="list-style-type: none"> LCLB4.3.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos con un 50% de erros. 	

4.2 LINGUA CASTELÁ 2º ESO:

Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO									
